

**PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE
TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS
DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2023/24 (PL500B)****PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN**

A Orde do 28 de decembro de 2023, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2023/24 (PL500B) (DOG núm.10, do 15 de xaneiro de 2024).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria e logo do informe elaborado pola Comisión Central de Cualificación concretando o resultado da avaliación e efectuando a listaxe coa puntuación outorgada a cada solicitante admitido, a xefatura territorial formula esta proposta provisional de resolución de adxudicación, na que consta a puntuación acadada para cada centro admitido (Anexo 1) e informa que non existen solicitudes excluídas.

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para que formulen as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta ante a xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña. En todo caso, os centros que presenten alegacións deberán enviar un correo electrónico ao dito gabinete provincial (sxpl.acoruna@xunta.gal), no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

A Coruña, na data da sinatura dixital
O director territorial

Indalecio Cabana Leira

